

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE OUTES.
CURSO: 5ºB EDUCACIÓN PRIMARIA.
MATERIS: Lingua galega, Lingua castelá, Matemáticas, Ciencias
Sociais, Ciencias da Natureza e Valores Sociais e Cívicos.
DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA	
Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	CCL CD CAA CSC
Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.	CCL CSC CAA
Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo, e esquematizar e resumir o seu contido.	Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo. Realiza o resumo dun texto.	CCL CAA
Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	Escribe textos coherentes e empregando algúns elementos básicos de cohesión, usando o rexistro adecuado.	CCL CSC CCEC
Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica,	Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa	CCL

funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	<p>función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición.</p> <p>Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.</p> <p>Identifica e clasifica os diferentes tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo.</p>	CAA
Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	<p>Aplica xeralmente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.</p> <p>Coñece e utiliza as normas ortográficas, aplicándoas nas súas producións escritas.</p>	CCL CSC CCEC
Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.	Usa axeitadamente o dicionario en papel ou dixital para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto e como consulta ortográfica.	CCL CAA CD
LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ	
Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas de comunicación; quenda de palabras, organizar o discurso, escoitar e incorporar as	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita, espera de quendas, participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora, papel de persoa	CCL CAA CSC

intervencións dos e das demais.	moderadora e certas normas de cortesía.	
Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, con coherencia, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación.	<p>Escribe textos organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas.</p> <p>Escribe, de forma creativa, diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero.</p>	<p>CCL CAA CSIEE</p>
Utilizar de xeito autónomo o dicionario.	Utiliza habitualmente o dicionario, en diferentes soportes, no proceso de escritura.	<p>CCL CAA</p>
Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras	CCL
Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	<p>Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos, homófonos, frases feitas na súa expresión oral e escrita.</p> <p>Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas.</p> <p>Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.</p>	CCL

	Recoñece a oración simple en textos sinxelos e distingue suxeito e predicado.	
MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	
Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.	CMCT CAA
Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números.	Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números, utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	CMCT CAA CCL
Operar con diferentes medidas.	Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa e superficie en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.	CMCT
Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie.	Identifica e representa posicións relativas de rectas e circunferencias Identifica e representa posicións relativas de ángulos en distintas posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo	CMCT

	vértice...	
Comprender o método de calcular a área dun paralelogramo, triángulo, trapecio e rombo. Calcular a área de figuras planas.	Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.	CMCT
CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS	
Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características	Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade.	CMCCT CCL
Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar, explicando as súas características, movementos e consecuencias.	Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos e asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado. Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo.	CMCCT CCL CAA
Recoñecer as zonas climáticas mundiais e os tipos de clima de España identificando algunhas das súas características básicas.	Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características.	CMCCT CCL
Identifica as institucións políticas que se derivan da Constitución. Funcións e organización.	Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización.	CSC CCL
Describir a organización territorial do Estado español así como os órganos de goberno.	Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos	CCL CSC

	as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias.	
Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades económicas de España.	Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.	CMTC CSC
CIENCIAS DA NATUREZA	CIENCIAS DA NATUREZA	
Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles.	Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano. Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor explica as principais funcións.	CMCCT
Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións.	Identifica a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.	CMCCT CCL
Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal, Reino das plantas, Reino dos fungos e outros reinos.	CMCT

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	
Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal.	Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal para expresar con coherencia opinións, sentimentos e emocións.	CCL CSC
Comprender o sentido da responsabilidade social e a xustiza social empregando a capacidade de reflexión, síntese e estruturación.	Razona o sentido da responsabilidade social e da xustiza social.	CAA CSC
Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidades de homes e mulleres.	Axuíza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.	CSC CSIEE

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

COMPETENCIAS CLAVE

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos e instrumentos: Observación e seguimento das tarefas realizadas polo alumnado.
Cualificación final	Na avaliación final ordinaria, terase en conta os resultados das dúas primeiras avaliacións e o traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial. Este traballo inclúe actividades de repaso, reforzo e posible ampliación das aprendizaxes que teñan como referentes as competencias clave esenciais para a adecuada progresión do alumnado.
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación: Ter en conta os sinalados anteriormente para cada materia.
	Criterios de cualificación: Teranse en conta os resultados obtidos nas dúas primeiras avaliacións, vendo a evolución a través do traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial que só poderá ter valor positivo.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Observación e seguimento das tarefas realizadas polo alumnado que teña materias pendentes.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado.</p> <p>Ademais a través do blogue propóñense diferentes actividades motivadoras con motivo de conmemoracións como o día do libro, o Pampallín, Letras Galegas, etc.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Dada a complexidade da situación actual que non permite que as sesións poidan levarse a cabo dunha maneira presencial, a metodoloxía estará baseada na comunicación telemática entre titor/a e alumnado a través de chamadas telefónicas, do blogue de aula que está na páxina web do centro e o correo electrónico para solucionar dúbidas e corrección de tarefas. Tamén se empregará o espazo Abalar para manter a comunicación coas familias e videoconferencias coa aplicación Cisco Webex Meetings co alumnado.</p>
Materiais e recursos	<p>Libros de texto, libretas, material funxible, ordenadores, tablets, móbiles, blogues educativos de elaboración propia e páxina web do centro.</p> <p>Hai que ter en conta que o concello presta un servizo de fotocopiado e escaneado de materiais para o alumnado.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A comunicación centro-familias farase a través do espazo Abalar e da páxina web.
Publicidade	Publicación deste documento na páxina web do centro.